

XXI ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Divulgación científica en Galicia: cal é o peso (atómico) do galego?

Cidade da Cultura de Galicia
Santiago de Compostela
4 e 5 de abril de 2019



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Con esta nova edición dos *Encontros para a normalización lingüística* iniciamos a terceira decena desta cita anual coas persoas interesadas pola situación da lingua galega e pola planificación tendente á súa normalización, sexa por razóns derivadas dos respectivos ámbitos laborais sexa por unha preocupación que nace do seu compromiso cívico.

Non é a primeira vez que nos Encontros agroma o tema da lingua en relación coa ciencia. É inevitable batermos con el ao falarmos do ensino, tanto polo elenco de materias que se ensinan en galego coma polas carencias materiais detectadas en diversos campos do saber e niveis curriculares; mais tamén cando falamos dos usos e actitudes da mocidade, das carencias de oferta para as afeccións e o tempo libre, da visibilización da lingua en determinados ámbitos sociais e culturais, do seu emprego nos recursos audiovisuais e dixitais, etc. Pero si é a primeira vez que colocamos o noso foco de maneira específica sobre este tema, e entre as moitas orientacións posibles escollemos a divulgación científica en lingua galega.

Na diagnose sobre a cultura galega realizada polo Consello da Cultura Galega en 2017, observouse que os temas de cultura científica e tecnolóxica ocupan un lugar pouco relevante entre os intereses informativos da poboación galega (algo superior en todo caso á media española), e isto debemos entendelo como un déficit cultural e, por tanto, un sinal de que cómpren medidas para o cambio. Fronte a esas sombras, unhas poucas luces: a constatación de que Galicia é unha comunidade de referencia na produción de cultura científica, da man de particulares, colectivos independentes, asociacións de profesionais, universidades...; engádanse contribucións divulgadoras desde a radio, museos científicos, observatorios... e o portal do Consello da Cultura Galega. A *Artesa* de 2019 está chea de recursos agardándovos.

¿Como espertar o interese dos potenciais receptores e trasladar toda esa “efervescencia” ao fardel cultural do conxunto da poboación? E... ¿en que lingua se está a producir ese despregue de actividade?, ¿ata que punto é este un campo de oportunidade para a lingua galega? Por iso, ao nos determos na presentación da situación da *Divulgación científica en Galicia*, nun momento que algúns consideran vizoso e esperanzador, preguntamos: *Cal é o peso (atómico) do galego?* (Vai no título unha chiscadela á efeméride que preside a cultura científica deste ano, co 150º aniversario da táboa periódica.)

O Consello da Cultura Galega ten como divisa desde as orixes traballar a prol dun concepto de cultura que contemple tanto a produción humanística coma a científica e tecnolóxica, sempre co fomento da lingua e a cultura galegas como principio irrenunciabile. A súa moi activa Sección de Ciencia, Natureza, Tecnoloxía e Sociedade colabora nesta ocasión coa Comisión Técnica do CDSG no deseño desta xornada.

Esta nova edición dos encontros é unha nova ocasión para a reflexión e o debate, para o intercambio de información e experiencias, para a presentación de proxectos e propostas de futuro..., mais tamén para o reencontro e para estimular os afectos.

PROGRAMA

XOVES, 4 DE ABRIL

Sesión da tarde

16:15 horas

Inauguración

Rosario Álvarez, Valentín García e Marilar Aleixandre

16:45 horas

Relatorio

Divulgación científ. ca e lingua. Unha ollada á situación actual

Iolanda Fernández Casal, xornalista e membro da Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade do CCG

Presenta: **Rosario Álvarez**

17:30 horas

Mesa redonda

As vantaxes de divulgar en galego

Modera: **Anxos Sobriño**

Javier Balea, *Moléculas en galego*

Elena Vázquez Abal, Facultade de Matemáticas, USC

X. Dosi Veiga, *Ceos Galegos*

18:15 horas

Pausa - Visita Artesa

18:45 horas

Mesa de experiencias

Divulgación científica no ensino secundario

Modera: **Cibrán Arxibai**

Cibrán Arxibai, IES Losada Diéguez da Estrada

Xosé Manuel Fernández Castro, IES Maruxa Mallo de Ordes. *Axencia Espacial Escolar Galega*

Camilo Ojea, CPI Mosteiro Meis. *Proxecto Ríos e Fitofaladoiro*

Xacobo de Toro, IES Urbano Lúgrís de Malpica. *XeoClip*

VENRES, 5 DE ABRIL

Sesión da mañá

9:45 horas

Mesa redonda

Ciencia, muller e lingua

Modera: **Marilar Aleixandre**

Marilar Aleixandre, Universidade de Santiago de Compostela

Patricia Conde, Facultade de Ciéncias, Universidade de Lisboa

Marta Piñeiro Núñez, Laboratorios de Investigación Lilly, Indianápolis-USA

María D. Mayán, Instituto de Investigación Biomédica da Coruña

10:30 horas

Mesa redonda

ai público para a divulgación científica en galego?

Modera: **Marta Souto**

Vicente Mohedano, *Peripeciencia*

Manuel Rey, *G Ciencia*

Miguel Vázquez Freire, *Xerais Básicos Ciencia*

Manuel Vicente, *Efervescencia*

11:30 horas

Pausa - Visita Artesa

12:00 horas

Mesa de experiencias

Cooperar para divulgar ciencia

Modera: **Gregorio Ferreiro**

Vanesa Estévez Baquero, Concello de Pontevedra. *Pontenciencia*

María Rozamontes, Concello de Arteixo. *Saídas de Turismo Científico*

Marta Souto, Concello de Vigo. *Achégate ás ciencias... en galego*

13:00 horas

Mesa de experiencias

@s de letras tamén divulgan

Modera: **Xusto Rodríguez**

Saúl Iglesias, *Ciención de Breogán*

Elisardo Juncal, *Galipedia*

Xusto Rodríguez, *Tradutores TED ao galego*

Sesión da tarde

16:00 horas

Contextos

Aula 1. Biblioteca e Arquivo de Galicia

Obradoiro de subtitulación en ouTube

Xacobo de Toro

Presenta: **Xusto Rodríguez**

Sala Off. Cidade da Cultura

Obradoiro de edición/tradución na

Galipedia

Elisardo Juncal

Presenta: **María Justo**

18:00 horas

Relatorio

As miñas linguas e mais eu. Algunhas reflexións sobre a mente e a linguaxe

Xurxo Mariño, membro da Sección de Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade do CCG

Presenta: **Bieito Silva**

19:00 horas

Voute contar

Discurshow de **Vicente Mohedano**

19:45 horas

Conclusións e clausura

Rosario Álvarez

ORGANIA

Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CCG)
Consello da Cultura Galega

COLABORA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

COORDINA

Rosario Álvarez Blanco
Xosé Gregorio Ferreiro Fente
. alentina Formoso Gosende
Maríausto González
Susana Mayo Redondo
Xusto A. Rodríguez Rí
Bieito Silvaaldivia
Anxos Sobriño Pérez
Marta Souto González

LUGAR

Cidade da Cultura de Galicia
Auditorio Xosé Neira Vilas
Monte Gaiás s/n
15707 Santiago de Compostela

INSCRIPCIÓN

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia aos Encontros.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



COLABORA

